



DESTINATARIO:
MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO:

**VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN POLO
PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS DE:**
RESTAURACIÓN DA PRAZA NO PASEO DE PAZ ANDRADE DE BOUZAS.

INFORME:

A mesa de contratación celebrada o pasado 30 de novembro realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adjudicación das obras para a “**Restauración da Praza no Paseo de Paz Andrade de Bouzas**”.

Resultando admitidas as empresas que se indican a continuación:

1. Civis Global, S.L.
2. Sercosa Proyectos y Obras, S.A.
3. Oreco.
4. Obras, Reformas y Saneamientos, S.L.
5. Eiriña, S.L.
6. Xestión Ambiental de Contratas, S.L.
7. Comfica Soluciones Integrales, S.L.
8. Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.
9. Proyecta, S.L.
10. Copcisa, S.A.
11. Jardincelas, S.L.
12. Jesús Martínez Álvarez Construcciones, S.A.
13. Obras y Viales de Galicia, S.L.
14. Conslar Ingeniería y Construcciones, SLU.
15. Desarrollos Boucas, S.L.
16. Construcciones Crespo, S.A.
17. Construcciones, Obras e Viais, S.A.



Nas FEC, apartado 8.A. establécense os criterios valorables mediante xuízo de valor, sendo textualmente os seguintes:

a) Programa de traballo

Valorarase ata un máximo de **VINTECINCO(25)** puntos a achega do programa de traballo a levar a cabo durante a obra, para o cal se terá en conta a proposta de desenvolvemento dos traballos a realizar, a xustificación da metodoloxía para a execución dos traballos, a súa coherencia e o bo coñecemento dos problemas a resolver.

No mesmo se especificarán as distintas fases de execución da obra.

Neste programa de traballo non se reflectirá o número de traballadores por non ser obxecto de valoración.

A valoración deste concepto será desglosada do seguinte xeito:

- **Proposta do proceso constructivo: 15 puntos.**
 - Outorgaselle 15 puntos a aquelas propostas que presentes una descrición e estudio da actuación e os seus condicionantes axustado a realidade da mesma e as súas condicións de implantación, que presenten esquemas gráficos e resumo dos puntos máis destacables.
 - Outorgaselle 12 puntos a aquelas propostas que presenten una descrición e estudio da actuación e os seus condicionantes axustado a realidade da mesma e as súas condicións de implantación.
 - Outorgaselle 9 puntos a aquelas propostas que presenten una descrición e estudio da actuación e os seus condicionantes axustado a realidade da mesma e as súas condicións de implantación e que non acaden un grado de desenvolvemento comparable ó indicado no anterior apartado
 - Outorgaselle 6 puntos a aquelas propostas que presenten una descrición e estudio da actuación e os seus condicionantes cun alto grado de xeneralidades.
 - Outorgaselle 3 puntos a aquelas propostas que presenten una descrición e estudio da actuación e os seus condicionantes cun alto grado de xeneralidades e presenten pouca definición das actividades da obra.
 - Outorgaselle 0 puntos a aquelas ofertas que non presenten documentación relativa a este criterio de valoración ou ben co que se presente teña graves incongruencias co especificado no proxecto de execución. En caso de que se lle otorgen 0 puntos a algunha proposta, a xustificación especificarase na táboa resume final.

- **Proposta de coherencia programa-prazo execución das obras: 5 puntos.**
 - Outorgaselle 5 puntos a aquelas propostas que presenten un estudio do prazo de execución das obras con respecto ó programa e ás características das mesmas. Considerase necesario indicala existencia e incidencia de factores reductores da produtividade no traballo (climatoloxía, imprevistos, etc), a organización de equipos de traballo e o cálculo do seu rendemento e estudio dos condicionantes específicos que poidan afectar a obra, todo elo adaptado a obra en cuestión.



- Outorgaselle 4 puntos a aquelas propostas que presenten un estudio do prazo de execución das obras con respecto ó programa e ás características das mesmas que non acaden un grado de desenvolvemento comparable ó indicado no anterior apartado. Considerase necesario indicala existencia e incidencia de factores reductores da produtividade no traballo (climatoloxía, imprevistos, etc), a organización de equipos de traballo e o cálculo do seu rendemento, todo elo adaptado a obra en cuestión.
- Outorgaselle 3 puntos a aquelas propostas que presenten un estudio do prazo de execución das obras con respecto ó programa e ás características cun alto grado de xeneralidades.
- Outorgaselle 2 puntos a aquelas propostas que presenten un estudio do prazo de execución das obras con respecto ó programa e ás características cun alto grado de xeneralidades e presenten escasa xustificación.
- Outorgaselle 1 punto a aquelas propostas que presenten un estudio do prazo de execución das obras con respecto ó programa e ás características cun alto grado de xeneralidades e presenten incongruencias e escasa xustificación.
- Outorgaselle 0 puntos a aquelas ofertas que non presenten documentación relativa a este criterio de valoración ou ben co que se presente teña graves incongruencias co especificado no proxecto de execución. En caso de que se lle otorgen 0 puntos a algunha proposta, a xustificación especificarase na táboa resume final.

▪ **Proposta Diagrama de Gant 5 puntos.**

- Outorgaselle 5 puntos a aquelas propostas que presenten un estudio en base a un diagrama de Gant axustado á realidade da obra e ás consideracións establecidas no programa construtivo e no estudio do prazo de execución das obras. Considérase necesario indicar aspectos como o desenvolvemento detallado das unidades de obra, o camiño crítico, o cadro de inversións e intervalo de planificación diario.
- Outorgaselle 4 puntos a aquelas propostas que presenten un estudio en base a un diagrama de Gant axustado á realidade da obra e ás consideracións establecidas no programa construtivo e no estudio do prazo de execución das obras e presenten solamente tres dos catro aspectos indicados no apartado anterior.
- Outorgaselle 3 puntos a aquelas propostas que presenten un estudio en base a un diagrama de Gant axustado á realidade da obra e ás consideracións establecidas no programa construtivo e no estudio do prazo de execución das obras e presenten solamente dous dos catro aspectos indicados no primeiro apartado.
- Outorgaselle 2 puntos a aquelas propostas que presenten un estudio en base a un diagrama de Gant axustado á realidade da obra e ás consideracións establecidas no programa construtivo e no estudio do prazo de execución das obras e presenten solamente un dos catro aspectos indicados no primeiro apartado.
- Outorgaselle 1 punto a aquelas propostas que teñan un carácter xenérico, aplicable a calquera tipo de obra.



- Outorgaselle 0 puntos a aquelas ofertas que non presenten documentación relativa a este criterio de valoración ou ben co que se presente teña graves incongruencias co especificado no proxecto de execución. En caso de que se lle otorgen 0 puntos a algunha proposta, a xustificación especificarase na táboa resume final.

b) Incremento de número de recursos persoais destinados a execución da obra

..... **10 puntos**

Valorarase ata un máximo de **DEZ (10)** puntos en base aos seguintes criterios:

A proposta de incremento do número de recursos persoais destinados a execución da obra a maiores sobre o cadro establecido como mínimo no PCTP, deberá especificar de maneira concreta a súa aplicación o obxecto do contrato, para o cal deberá desenvolver os seguintes apartados:

1.- Coherencia da proposta en relación o obxecto da obra a executar: para o cal, se deberá definir o obxecto do proxecto, o axuste da intervención dos medios propostos en relación o plan de execución da obras, a coordinación do mesmo coa distribución do cadro básico de persoal que describe o propio proxecto, a duración do programa, así como o número de traballadores ou traballadoras destinadas o mesmo.

2.- Proposta económica do programa. Se deberá indicar a aportación económica que destinará o licitador sobre o prezo de licitación, especificando os importes individualizados en función dos tipos de contratos propostos, duración dos mesmos, etc. Esta proposta deberá estar ordenada pola importancia ponderada que teñan no proxecto. Só serán admitidas aquelas propostas que pola orde proposta, respondan os criterios da coherencia do proxecto coa obra a desenvolver e co límite do 5% do orzamento de licitación.

A valoración definitiva da proposta que prevalecerá para a cuantificación, será a que establezan os servizos técnicos municipais no seu informe de valoración, axustándose si fora preciso a os salarios que se establezan en cada convenio colectivo que resulte de aplicación.

A asignación da puntuación para estes criterios será realizada en función dos seguintes criterios:

▪ **Coherencia da proposta de incremento do número de recursos persoais ...3 puntos.**

- Outorgaselle 3 puntos a aquelas memorias que presenten un estudio pormenorizado, adaptado a obra en cuestión e xustificativo das necesidades a maiores de personal, cunha distribución temporal coherente e xustificada e ademáis presenten unha asignación de traballos do persoal ofertado.
- Outorgaselle 2 puntos a aquelas memorias que presenten un estudio pormenorizado, adaptado a obra en cuestión que recolla dous dos tres apartados indicados no primeiro epígrafe.
- Outorgaselle 1 punto a aquelas memorias que presenten un estudio pormenorizado que recolla un dos tres apartados indicados no primeiro epígrafe.
- Outorgaselle 0 puntos a aquelas ofertas que non presenten documentación relativa a este criterio de valoración ou ben co que se presente teña graves incongruencias



co especificado no proxecto de execución ou ben que non cumpran cas condicións indicadas para este punto no Prego de Condicións. En caso de que se lle otorgen 0 puntos a algunha proposta, a xustificación especificarase na táboa resume final.

- **Importe total da proposta aceptada 7 puntos.**

c) Plan de control de calidade.

Valorarase ata un máximo de **CINCO (5)** puntos o plan de control de calidade das obras a executar.

Teranse en conta os seguintes criterios:

- **Ensaio de control de calidade 2,5 puntos.**
 - Outorgaselle 2,5 puntos a aquelas propostas que presenten un plan de control de calidade axustado as características da obra, pormenorizado con especificación das probas propostas e das unidades a executar.
 - Outorgaselle 2 puntos a aquelas propostas que presenten un plan de control de calidade axustado as características da obra, con especificación das probas propostas e das unidades a executar que non acaden un grado de axuste a obra comparable ó indicado no anterior apartado.
 - Outorgaselle 1,5 puntos a aquelas propostas que presenten un plan de control de calidade cun alto grado de xeneralidades, con especificación das probas propostas e das unidades a executar.
 - Outorgaselle 1 punto a aquelas propostas que presenten un plan de control de calidade cun alto grado de xeneralidades, con escasa especificación das probas propostas.
 - Outorgaselle 0,5 puntos a aquelas propostas que presenten un plan de control de calidade cun alto grado de xeneralidades, con escasa especificación das probas propostas e escaso desenrolo das unidades a executar.
 - Outorgaselle 0 puntos a aquelas ofertas que non presenten documentación relativa a este criterio de valoración ou ben co que se presente teña graves incongruencias co especificado no proxecto de execución. En caso de que se lle otorgen 0 puntos a algunha proposta, a xustificación especificarase na táboa resume final.
- **Plan de calidade de autocontrol interno 2,5 puntos.**
 - Outorgaselle 2,5 puntos a aquelas propostas que presenten un plan de calidade de autocontrol interno que recolla especificacións de: xestión de residuos, I+D+i, calidade e medioambiente.
 - Outorgaselle 2 puntos a aquelas propostas que presenten un plan de calidade de autocontrol interno que recolla tres dos apartados indicados no epígrafe anterior.
 - Outorgaselle 1,5 puntos a aquelas propostas que presenten un plan de calidade de autocontrol interno que recolla dous dos apartados indicados no primeiro epígrafe.
 - Outorgaselle 1 punto a aquelas propostas que presenten un plan de calidade de autocontrol interno que recolla un dos apartados indicados no primeiro epígrafe.
 - Outorgaselle 0 puntos a aquelas propostas que non presenten ningún dos apartados indicados no primeiro epígrafe ou que non presenten documentación



relativa a este criterio de valoración ou ben co que se presente teña graves incorreccións. En caso de que se lle otorgen 0 puntos a algunha proposta, a xustificación especificarase na táboa resume final.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

Analizadas, según estes criterios, as distintas ofertas, os resultados son os que se detallan na táboa que se achega:

AC/ec

Vigo, 4 de decembro de 2012

O Xefe de Área de Fomento

Álvaro Crespo Casal

O Enxeñeiro de Camiños

Jerónimo Centrón Castaños



RESTAURACIÓN DA PRAZA NO PASEO DE PAZ ANDRADE DE BOUZAS

292.891,97 €

EMPRESA	PROPOSTA DO PROCESO CONSTRUCTIVO (15 PUNTOS)	PROPOSTA COHERENCIA PROGRAMA - PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS (5 PUNTOS)	PROPOSTA DIAGRAMA DE GANT (5 PUNTOS)	TOTAL PUNTOS PROGRAMA DE TRABAJO (25 PUNTOS)	COHERENCIA PROPOSTA DE INCREMENTO NÚMERO RECURSOS PERSOAIS (3 PUNTOS)	IMPORTE ACEPTADO	VALORACIÓN DA PROPOSTA ECONÓMICA DE INCREMENTO DE NÚMERO RECURSOS PERSOAIS (7 PUNTOS)	TOTAL PUNTOS INCREMENTO NÚMERO DE RECURSOS PERSOAIS (10 PUNTOS)	ENSAIOS DE CONTROL DE CALIDADE (2,5 PUNTOS)	PLAN DE CALIDADE DE AUTOCONTROL INTERNO (2,5 PUNTOS)	TOTAL PUNTOS PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (5 PUNTOS)	PUNTUACIÓN TOTAL
01- CIVIS GLOBAL, S.L.	12	5	5	22	2	14.644,60 €	7,00	9	2	2	4	35,00
02- SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	12	4	4	20	2	14.644,60 €	7,00	9	2,5	1	3,5	32,50
03- ORECO	15	5	5	25	1	14.644,60 €	7,00	8	2	1,5	3,5	36,50
04- OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	9	3	4	16	2	12.378,00 €	5,92	7,92	2,5	0	2,5	26,42
05- EIRIÑA, S.L.	9	3	5	17	0	0,00 €	0,00	0	2,5	1,5	4	21,00
06- XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	0	0	0	0	2	14.644,60 €	7,00	9	0	0	0	9,00
07- COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	0	0	0	0	1	10.637,62 €	5,08	6,08	0	0	0	6,08
08- EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	3	1	4	8	1	11.241,68 €	5,37	6,37	1,5	1	2,5	16,87
09- PROYECTA, S.L.	3	2	4	9	1	10.942,50 €	5,23	6,23	0,5	1	1,5	16,73
10- COPCISA	9	3	4	16	2	14.644,60 €	7,00	9	1	1,5	2,5	27,50
11- JARDINCELAS, S.L.	3	1	4	8	1	9.621,50 €	4,60	5,6	0,5	1	1,5	15,10
12- JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES, S.A.	12	3	4	19	0	0,00 €	0,00	0	1,5	2	3,5	22,50
13- OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	6	3	2	11	0	0,00 €	0,00	0	2	1	3	14,00
14- CONSLAR INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN, S.L.U.	12	4	5	21	2	13.995,00 €	6,69	8,69	2,5	2,5	5	34,69
15- DESARROLLOS BOUCAS, S.L.	0	0	0	0	0	0,00 €	0,00	0	0	0	0	0,00
16- CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A.	9	4	5	18	2	13.255,20 €	6,34	8,34	2,5	1,5	4	30,34
17- CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A.	15	4	4	23	2	9.213,52 €	4,40	6,4	2,5	1	3,5	32,90

As ofertas das empresas Jesús Martínez, Eiriña y Obras y Viales de Galicia presentan arquivos que superan o tamaño permitido para o apartado de Incremento número de recursos persoais.

As ofertas das empresas Xestión Ambiental e Comfica superan o número de follas permitido para os apartados de Programa de Traballo e Plan de control de calidade.

A oferta da empresa Desarrollos Boucas S.L. Non presenta a documentación en dixital.

O Enxeñeiro de Camiños

Jerónimo Centrón Castañaos

O Xefe de Área de Fomento

Álvaro Crespo Casal

